

SUBMISIÓN URBANA

MORTE POR AFAGO

O saquiño

Afogamos entre as frías
falanxes
do esqueleto de seda,
o bico fonético
do dióxido de carbono
nos oídos.
Coma rede de letal fio
que agocha da luz,
coma sombra sixilosa,
nada no líquido da aurícula.
E aqueles ósos de fonemas
tiran do fio,
sostéñeno,
case sen tocalo,
e cando caemos na rede,
apretan o pescozo do saquiño
e saltamos coma pedras,
xoias, sometidas ao eloxio.

Cita

Facundo Cabral:

“Dou a cara ao inimigo, as
costas ao bo comentario,
porque o que acepta un afago
empeza a ser dominado; o
home faille agarimos ao
cabalo para montalo.”



O afago é un instrumento de poder. As gabanzas son só ondas, modulacións do aire, mais hai nelas certo engado, unha sinestesia de cores e ledicia na que pode un quedar atrapado. É sinxelo sucumbir ante o eloxio, tamén o é eloxiar. Tal vez sexa este un dos máis comúns métodos de submisión, quizais, involuntaria. Mais, no fondo, xa sabemos que nestas palabras latexa o desexo de amosar capacidade de dominación. Non hai maior submisión que a dependencia, e cando un depende do afago, cando se ven condicionadas as súas accións, a súa propia percepción, polo ollar alleo, cando a liberdade individual queda subordinada ante a apreciación dos outros, cando un se volve vulnerábel, desaparece e afoga.